

## AS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAAU)

A PAU consta de dúas partes; a Fase Xeral e a Fase Específica.

A **Fase Xeral** da constará dos exercicios seguintes:

1º) Lingua Castelá e Literatura

2º) Lingua Galega e Literatura

3º) Historia de España ou Historia de Filosofía

*Nota: A efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU, a materia común (Historia de España ou Historia da Filosofía) da que se examinará.*

4º) Lingua Estranxeira [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués]:

*Nota: A efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU, a lingua estranxeira [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués] da que se examinará.*

5º) Materia de Modalidade de segundo de bacharelato:

**Nota:** A efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU, a materia de modalidade da que se examinará,.

Cada un dos cinco exercicios da Fase Xeral da PAU presentará *dúas opcións diferentes* entre as que *o estudante deberá elixir unha* e terá unha *duración máxima de hora e media*, establecéndose un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das lingua oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de *Lingua e Literatura Castelá, Lingua e Literatura Galega* e da *lingua estranxeira* da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.

### **Descrición da Fase Específica**

Na Fase Específica da PAU cada estudante se poderá examinar dun **máximo de 4 materias** de entre as de modalidade do segundo curso de bacharelato a e que deberán ser **distintas da materia de modalidade elixida para a** o 5º exercicio da **Fase Xeral**, sempre que o estudante se examine da Fase Xeral e da Fase Específica na mesma convocatoria.

O estudante indicará na solicitude de matrícula na PAU, a materia ou materias (máximo de 4 materias) de modalidade da/s que se examinará na Fase Específica.

Cada un dos da Fase Específica da PAU presentará dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha e terá unha duración máxima de hora e media, establecéndose un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios Fase Específica da PAU, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das lingua oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

### 1. Cualificación da Fase Xeral

Cada un dos exercicios da Fase Xeral se cualificará entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A cualificación da Fase Xeral será a media aritmética de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

A cualificación da fase xeral terá validez indefinida, sempre que se teña superada a PAU.

### 2. Cualificación das materias da Fase Específica

Cada unha das materias da Fase Específica das que se examine o estudante será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

Se considerará superada cada unha das materias da Fase específica das que se examine o estudante cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco ( $\geq 5$ ) puntos. OLLO!

Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco ( $\geq 5$ ) puntos. OLLO!

Aos efectos do acceso á universidade, cualificación das materias da fase específica terá validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación; así, por exemplo, para alguén que superase a fase específica da PAU nalgunha das convocatorias do ano 2011, a validez da mesma será para o acceso no curso 2011-2012 e 2012-2013. OLLO!

### 3. Superación da PAU

Considerarase superada a Proba de Acceso á Universidade cando o estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco ( $\geq 5$ ) puntos como resultado da media ponderada do 60 por 100 da nota media do Bacharelato ou do ciclo correspondente de Formación Profesional e o 40 por 100 da cualificación da Fase Xeral, sempre que se obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación da Fase Xeral.

A nota media do bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias, (agás a cualificación obtida nas ensinanzas de relixión), expresada con dúas cifras decimais e redondeada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

### 4. Nota de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao

A adxudicación das prazas farase en función da nota de admisión que corresponda, que se expresará con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

A nota de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao calcularase do seguinte xeito:

1.- Para estudantes de Bacharelato que superen a PAU :

Nota de admisión = $0,6 * NMB + 0,4 * CFX + a * M1 + b * M2$	
NMB =	Nota media do Bacharelato
CFX =	Cualificación da Fase Xeral da PAU
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de 2 das materias da Fase Específica das que se examinase o alumno que proporcionen mellor nota de acceso.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias da Fase Específica no caso de que ditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira seren admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG e recollidos no Anexo.

## RECLAMACIÓN E /OU DOBRE CORRECCIÓN

Sobre a cualificación outorgada de cada materia despois da primeira corrección e no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, cada estudante poderá presentar solicitude de:

As solicitudes de reclamación e segunda corrección poderán presentarse no lugar de entrega e recollida de documentación (LERD) no cal se entregou a solicitude de matrícula para a PAU, empregando os impresos específicos a tal efecto, ou a través da aplicación informática NERTA, non sendo preciso neste caso, a entrega das solicitudes nos LERD. Para iso é necesario o código de acceso dos resguardo de matrícula para a PAU.

### 1. Reclamación:

Os exercicios sobre os que se solicite reclamación serán revisados co obxecto de verificar que todas as cuestións teñan sido avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección, así como a comprobación de que non existen erros materiais no proceso de cálculo da cualificación outorgada.

A cualificación definitiva da materia ou materias obxecto da reclamación será a que resulte do antedito proceso de revisión, sempre que a mesma sexa superior a outorgada na primeira corrección, agás nos casos de erros materiais de cálculo da cualificación, no que a cualificación será a que resulte correcta. OLLO

A presentación de reclamación excluírá a posibilidade de solicitar a dobre corrección. OLLO

### 2. Dobre corrección:

Publicadas as cualificacións provisionais, o alumnado poderá presentar, ante o presidente do Tribunal, solicitude dunha segunda corrección [dobre corrección] dos exercicios nos que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección.

Os exercicios sobre os que se presente unha solicitude de segunda corrección serán corrixidos por un profesor ou profesora especialista distinto ao que levou a cabo a primeira corrección.

A cualificación resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións OLLO. No suposto de que existise unha diferenza de 2 ou máis puntos entre as dúas cualificacións, o tribunal efectuará, de oficio, unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

Sobre a cualificación outorgada despois do proceso de segunda corrección, o estudante poderá presentar reclamación ante a Comisión Organizadora, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección. A cualificación definitiva será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior a outorgada na segunda corrección.

### 3. Outros recursos:

Contra a resolucións adoptadas pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo dun mes, *recurso potestativo de reposición* perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

